

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	MUROS
Edificio	Capela de San Roque
Dirección	Rúa de San Roque, 17. 15250
	42.772617 -9.057869
Protección	
Descrición	<p>A edificación actual, datada en 1765 segundo o cardeal Hoyos, foi reedificada sobre outra igrexa existente datada en 1609. A capela é moi sinxela, composta por unha soa nave de planta rectangular, dividida en tres tramos por arcos de medio punto que sosteñen unha cuberta a dúas augas. A capela maior da cabeceira, de planta cadrada e cuberta con bóveda de aresta, acada maior altura ca nave principal, sobresaíndo volumetricamente ao exterior, cunha cuberta a catro augas. Destaca no exterior a porta lateral no lado do Evanxeo, cunha pequena escalinata de acceso, portada de arco de medio punto rematada cun frontón triangular e dúas pilastras estriadas nos laterais.</p> <p>A fachada principal presenta bastante simplicidade, seguindo un esquema pentagonal e no seu eixo vertical central, organízase de abaixo arriba, mediante unha porta rectangular. Sobre o ingreso vai un oco de luz rectangular. Rompendo o vértice do pentágono, unha base para unha espadana dun corpo formado por un arco de medio punto que descansa sobre piares e que serve para aloxar a campá.</p>
Campás	1 campá.
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
Data	16-08-2022

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Campá (1)	PALACIO (BEXÁN)	1869	50	72

Información completa: [Capela de San Roque - MUROS \(GALICIA\)](#)